ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO RÍA MUROS NOIA DE 21 DE XULLO DE 2023.

No Salón de Plenos do Concello de Lousame, o día 21 de xullo de 2023, ás 10:00 horas, reúnese a Asemblea Xeral da Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia.

Asistentes:

-Dona María Teresa Villaverde Pais, con DNI núm. 76517422X, Presidenta da ARD Ría de Muros Noia e Alcaldesa do Concello de Lousame.

-Dona María Lago Lestón, con DNI núm. 44947800P, Vicepresidenta da ARD Ría de Muros Noia e Alcaldesa do Concello de Muros.

-Don Manuel González López, con DNI núm. 78793193T, Secretario da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Outes.

-Don José Santiago Freire Abeijón, con DNI núm. 33272327K, Vogal da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Noia.

Os asistentes supoñen o 80% dos socios, incluídos a Presidenta e o Secretario, polo que a Presidencia declara legalmente constituída a Asemblea.

Comeza a reunión coa seguinte orde do día:

1.- Toma de posesión dos representantes dos Concellos tralas Eleccións Municipais de 28 de maio de 2023.

2.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

3.- Informe da Presidencia sobre a actividade xeral da ARD Ría de Muros Noia e o PSTD.

4.- Operacións de tesourería.

4a.- Solicitude de **préstamo ou crédito** por un máximo de 64.000 € contra garantía da subvención outorgada pola Deputación da Coruña (BOP 13/07/2023).

4b.- Solicitude de **préstamo ou crédito** por un máximo de 40.000 € contra garantía da achega da Axencia Turismo de Galicia ao Convenio de Dinamización Turística do Xeodestino Ría de Muros Noia 2023.

5.- Aprobación do traspaso ao Concello de Noia dos intereses xerados polos ingresos do PSTD Ría de Muros Noia.

6.- Aprobación de memoria económica para cumprimento das obrigas fiscais.

7. Rogos e preguntas.

Procédese a realizar as deliberacións e votacións de acordos conforme á anterior orde do día.

1. Toma de posesión dos representantes dos Concellos tralas Eleccións Municipais de 28 de maio de 2023.

A Presidencia informa da actualización das persoas que representan aos Concellos na Asemblea e dos seus cargos na Xunta Directiva derivados das eleccións municipais de 28 de maio de 2023. A Xunta Directiva resulta coa seguinte composición:

-Dona María Teresa Villaverde Pais, con DNI núm. 76517422X, Presidenta da ARD Ría de Muros Noia e Alcaldesa do Concello de Lousame.

-Dona María Lago Lestón, con DNI núm. 44947800-P, Vicepresidenta da ARD Ría de Muros Noia e Alcaldesa do Concello de Muros.

-Don Manuel González López, con DNI núm. 78793193T, Secretario da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Outes.

-Don Luis Oujo Pouso, con DNI núm. 33283149X, Tesoureiro da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Porto do Son.

-Don José Santiago Freire Abeijón, con DNI núm. 33272327K, Vogal da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Noia.

2.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A Presidencia informa sobre a acta da sesión do 17 de marzo de 2023, que se enviou adxunta á convocatoria da Asemblea. A representante do Concello de Muros manifesta a súa vontade de absterse na votación por non ser membro da Asemblea na devandita data.

Acordo 2.1.

Apróbase, por tres votos a favor e unha abstención, a acta da Asemblea Xeral de 27 de febreiro de 2023.

3.- Informe da Presidencia sobre a actividade xeral da ARD Ría de Muros Noia e o PSTD.

A Presidencia fai un resume do estado do PSTD Ría de Muros Noia, informado, en particular, dos resultados da reunión da Comisión de Seguimento de 10 de xullo de 2023.

Resume da intervención:

A Convenio interno

-Finalmente o 24 de abril rematou o proceso de aprobación e ratificación do Convenio ARD-Concellos para a xestión do PSTD.

-O seguinte trámite ao respecto é realizar a transferencia dos 2.000.000 € do Plan ao Concello de Noia. Xa se fixo a solicitude ao Concello para que se proceda á apertura da conta bancaria restrinxida e estamos a agardar que nola comuniquen para facer a transferencia dos fondos e mais dos intereses xerados.

-Había certas dúbidas (se era lícito obter intereses, se os intereses se descontaban dos 2.000.000 etc.). Finalmente, a Xunta comunicou que se poden utilizar estes intereses sempre que se apliquen ao propio PSTD. Logo, no punto 5 da orde do día, comentamos máis, para garantir a correcta aplicación destes intereses.

Comisión de Seguimento.

-O pasado luns 10 de xullo tivemos a 2ª Comisión de Seguimento do Plan. Existe xa un acta desa reunión, revisada e confirmada por ambas partes e só pendente de sinatura. Enviarase copia da acta a todos os membros da Asemblea. Repasamos o contido desa Comisión:

1. Envióuselles o Convenio interno e se lle comentaron nas principais liñas.
2. Actuacións: Outes (Actuación 6) e Muros (nº 4).

Estas dúas actuacións xa contan con proxecto executivo, que realizan ambos concellos. Neste sentido, a Secretaría do Concello de Noia pide dobre aprobación:

-Aprobación Municipal e envío á ARD. Estamos pendentes de recibir ambas pero en principio será inmediato.

-Aprobación por parte da ARD, que á súa vez envío o proxecto ao Concello de Noia para que o aplique á execución do PSTD. Ao tratarse de obras de interese municipal, o procedemento

que seguimos é que sexa aprobado por Resolución da Presidencia. Os asistentes a Asemblea non amosan oposición a esta forma de proceder.

3. Actuacións: Porto do Son (nº 1 e 3).

-Porto do Son pediu modificar as súas dúas actuacións na Senda Litoral, por outra, que se trata tamén doutro tramo nesa mesma Senda Litoral.

-Xa informamos á Comisión de Seguimento de que iamos solicitar o cambio, que modificar a esencia da actuación nin as etiquetas climáticas que lle afectan.

-Estamos a elaborar o informe para este cambio, e en canto o teñamos, solicitaremos a reunión dunha Comisión de Seguimento "express" para aprobado; logo a Xunta deberá aprobala coa Secretaría de Estado de Turismo.

4. Camiño de Santiago.

-Lembramos que esta actuación afecta a todos os Concellos.

-Estase a iniciar a contratación do Proxecto de Execución (só proxecto), que será por tanto a primeira adxudicación dentro do PSTD.

5. Outras actuacións.

-Tamén se prevé a pronta contratación do proxecto para a Mina de San Finx (Lousame, nº 10) e da varias das intervencións en Noia (nº 11, 12, 13 e 2).

-Xerencia. É unha cuestión prioritaria para a Xunta, que pediu un punto na orde do día para ver que formato de xerencia se escollía.

Vaise sacar un procedemento de contratación conxunto que incluirá:

-Xerencia do PSTD (dentro da actuación 15)

-Redacción dos proxectos de investimento en Dixitalización (nº 7) e Contidos dixitais (nº 8).

-Redacción dun plan para o desenvolvemento de produtos de turismo activo (nº 14).

-A fórmula foi contrastada coa Secretaría de Noia e tamén coa Comisión de Seguimento, que non puxo reparos, pola contra, o viu como unha garantía de transparencia ao implicar unha licitación aberta. pediu un punto na orde do día para esta cuestión.

-Outras cuestións tratadas na Comisión de Seguimento.

-Presentouse unha modificación de presuposto do PSTD (retirar 20.000 € da Actuación 15 Gobernanza disruptiva e participativa en favor da Actuación 2 Senda Litoral Tramo b (Obre). Dadas as dificultades de tramitación deste cambio, retirouse a solicitude.

-Entregáronse os cadros de previsión de contratación e de execución, e non viron obxección.

-En tanto non haxa Xerencia, pídeno que estea na Comisión de Seguimento a Secretaria do Concello de Noia.

-Confírmannos que non existe límite de presuposto na contratación de xerencia; había certas dúbidas ao respecto por unhas recomendacións.

-Recomendas que revisemos as etiquetas climáticas asignadas e propoñamos cambios no seu caso.

-O Convenio coa ATG prevé 3 Comisións de Seguimento anuais, permítennos reducilas a 2 por ser máis operativos.

4.- Operacións de tesourería.

A Presidencia informa do estado da tesoureiría da Asociación, lembrando que o importe ingresado pola Axencia Turismo de Galicia como achega ao PSTD así como os seus intereses non se deben aplicar a outros gastos de Asociación, polo cal deben solicitarse préstamos para financiar as actuacións previstas, fóra do PSTD, no ano 2023.

Acordo 4.1.

Apróbase, por unanimidade, facultar á Presidenta da ARD Ría de Muros Noia para a apertura na entidade financeira Abanca Corporación Bancaria SA dunha liña de **crédito ou préstamo por un valor máximo de 64.000 €,** achegando como garantía a axuda aprobada pola Deputación da Coruña por Resolución da Presidencia 27.878/2023 que aproba a concesión definitiva de subvencións do programa DP030/2023 dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, no ano 2023 (BOP de 13 de xullo de 2023).

Acordo 4.2.

Apróbase, por unanimidade, facultar á Presidenta da ARD Ría de Muros Noia para a apertura na entidade financeira Abanca Corporación Bancaria SA dunha liña de **crédito ou préstamo por un valor máximo de 40.000 €,** achegando como garantía a axuda da Axencia Turismo de Galicia contemplada no Convenio para Dinamización Turística do Xeodestino Ría de Muros Noia 2023. **Este acordo será efectivo unha vez estea asinado dito Convenio.**

5.- Aprobación do traspaso ao Concello de Noia dos intereses xerados polos ingresos do PSTD Ría de Muros Noia.

A Presidencia informa de que os intereses xerados polo ingreso efectuado pola Axencia Turismo de Galicia como achega do PSTD Ría de Muros Noia debe sen investidos no propio PSTD, para o cal deben ser transferidos ao Concello de Noia, no marco do convenio de colaboración. Dadas as dúbidas que pode suscitar a interpretación deste convenio entre a Asociación e os cinco concellos que a compoñen, considera axeitado aprobar de xeito específico esta transferencia dos intereses á conta bancaria restrinxida que debe abrir o Concello de Noia.

Acordo 5.1.

Apróbase, por unanimidade, a transferencia dos intereses xerados polo importe de 2.000.000 € ingresados pola Axencia Turismo de Galicia o 9/2/2023 co concepto *"Anticipo Asociación Rural Desenvol. Ría de Muros-Noia Plan Sunstentabilidade en Destino Ría de Muros Noia – NextGenerationUE*" na conta bancaria restrinxida do Concello de Noia prevista no *Convenio de colaboración da ARS Ría Muros-Noia cos seus concellos integrantes (Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto Do Son) para executar o PSTD "Novos Modelos para a Sustentabilidade e Competitividade Turística na Ría Muros-Noia" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea NextGenerationEu*, **para seren utilizados nos fins e na forma establecidos neste Convenio.**

6.- Aprobación de memoria económica para cumprimento das obrigas fiscais.

A Presidencia informa sobre a memoria económica do exercicio 2022, que se entregou adxunta á convocatoria da Asemblea. Dita memoria supón un resumo das contas anuais xa aprobadas pola Asemblea e ten como obxecto o cumprimento das obrigas de información ante a AEAT.

Acordo 6.1.

Apróbase, por unanimidade, a memoria económica que se adxunta como Anexo á presente acta.

7. Rogos e preguntas.

Finalizadas as deliberacións, levántase a sesión, ás 12.00 h.

Asinado, en Lousame na data indicada mediante sinatura dixital.

76517422X MARIA TERESA VILLAVERDE (R: G15797657)

Firmado digitalmente por 76517422X MARIA TERESA VILLAVERDE (R: G15797657)
Nombre de reconocimiento (DN): cn=76517422X MARIA TERESA VILLAVERDE (R: G15797657), sn=VILLAVERDE PAIS, givenName=MARIA TERESA, c=ES, o=ASOCIACION RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RIA MUROS-NOIA, serialNumber=IDCES-76517422X
Fecha: 2024.08.09 13:40:01 +02'00'

Dna. María Teresa Villaverde Pais	D. Manuel González López.
Presidenta da ARD Ría de Muros Noia	Secretario da ARD Ría de Muros Noia

ANEXO. MEMORIA ECONÓMICA.

Memoria económica aprobada mediante Acordo 6.1.

MEMORIA ECONÓMICA - EXERCICIO 2022

ENTIDADE:	ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO RÍA DE MUROS NOIA
CIF:	G-15797657
DIRECCIÓN:	RÚA FREI LOIS RODRIGUEZ, 9 BAIXO
LOCALIDADE:	NOIA – A CORUÑA

1.- ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN

A Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría de Muros-Noia foi constituída por tempo indeterminado o 22 de xuño de 2001 como una asociación sen ánimo de lucro, integrada polos concellos de Porto do Son, Lousame, Noia, Outes e Muros (todos eles da comarca Muros-Noia). O seu número de identificación fiscal é G.15797657 e o seu domicilio social encontrase en Frei Lois Rodríguez, 9- Baixo, na localidade de Noia, provincia de A Coruña.

De acordo co establecido nos estatutos a asociación ten por obxecto a planificación, xestión e desenrolo de todas as acción que consideren encamiñadas a mellora das actividades relacionadas co turismo, dentro do seu ámbito de actuación como ferramentas para mellorar o nivel de desenrolo socioeconómico dos seus habitantes.

Os principais fins da asociación son:

a) Promover o desenrolo, a modernización e a adaptación ao mercado e ás innovacións tecnolóxicas das empresas e servizos turísticos da zona.
b) Fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona.
c) Fomentar e capacitar os recursos humanos dispoñibles e interesados no sector turístico da zona.
d) Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sostibilidade.
e) Alentar o asociacionismo entre os distintos sectores sociais implicados no desenrolo da zona.
f) Servir de núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais, económicos..., tanto públicos como privados, interesados en promover o turismo e o desenvolvemento do territorio.
g) Sensibilizar as Administracións Locais, Autonómica, Estatal, así como as Institucións Comunitarias Europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, ao obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
h) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao eido do desenvolvemento local e rexional, tanto a nivel nacional como internacional, centrándose esa labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas relacionadas co turismo.
i) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais e culturais da zona.

Para acadar este fins, a asociación poderá desenvolver entre outras as seguintes actividades:

a) Realizar estudos necesarios para o correcto desenvolvemento dun turismo respectuoso co entorno económico, cultural e natural do territorio, poñendo cantas normativas de uso e xestión do patrimonio natural e cultural sexan convenientes e que apoien as dinámicas de desenvolvemento baseadas na sostibilidade.
b) Promover a realización de obras, xestión e execución de plans, programas ou proxectos de interese público e común para as entidades asociadas, así como a obtención, xestión e investimento dos correspondentes fondos, en materia de políticas de desenrolo rexional, social, medioambiental, agrícola, industrial, prospección comercial, formación profesional, apoio á calidade, innovación e diversificación económica no marco de iniciativas europeas, nacionais, autonómicas u locais, e de outros entes, institucionais ou entidades, públicas ou privadas.

c) Asumir a execución de obras, plans, programas ou proxectos, coas entidades asociadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e activades de interese público e común, así como a súa instalación presentación, ben sexa de forma parcial ou integral.
d) Desenvolver posibles iniciativas para intentar frear o éxodo rural, así como para fomentar o emprego.
e) Sensibilizar o tecido social da comarca sobre a problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan aos seus intereses de desenvolvemento.
f) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades turísticas e socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudios relativos aos problemas de desenvolvemento da comarca, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou simplemente, divulgativo.
g) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.
h) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao dia permanente de todos os colectivos vinculados ao turismo e ao desenvolvemento, e especialmente, dos membros da asociación.
i) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
j) Levar a cabo campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias e que os medios permitan.
k) Realizar cantas actividades poidan resultar necesarias e/ou consecuentes coas anteriores.

A entidade non participa en ningunha outra sociedade, nin ten relación ningunha con outras entidades coas cales se poida establecer unha relación de grupo ou asociada de acordo coa requisitos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

A moeda funcional coa que opera a asociación e de presentación das Contas Anuais, é o euro.

Para a formulación dos estados financeiros en euros seguíronse entre outros, os criterios establecidos na Lei 49/2002, de 23 de decembro , so réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, o Plan Xeral Contable Pemes RD 1515/2007 e o Real Decreto Lei do día 8 de abril de 2011, pasando a estar inscrita no Rexistro Provincial das Asociacións da Coruña, co número 2001/5644-1ª.

2.- IDENTIFICACIÓN DAS RENDAS EXENTAS E RENDAS NON EXENTAS.

A.- RENDAS NON EXENTAS:

No exercicio 2022, a ASOCIACION RURAL DE DESENVOLVEMENTO RIA DE MUROS NOIA presenta a efectos do Imposto de Sociedades, e segundo o establecido na lei 49/2002, na súa totalidade rendas EXENTAS.

B.-DESCRICIÓN DE RENDAS EXENTAS:

No exercicio 2022, a ASOCIACION RURAL DE DESENVOLVEMENTO RIA DE MUROS NOIA presenta a efectos do Imposto de Sociedades, e segundo o establecido na Lei 49/2002, na súa totalidade rendas EXENTAS.

INGRESOS:

Concepto	Importe
1.- Cuotas de afiliados	**88.525,23**
2.- Subv. doazóns e legados da actividade	**105.448,96**
3.- Outros ingresos	**0,00**
4.- Ingresos por servicios diversos	**0,00**
Total Ingresos	**193.974,19**

GASTOS:

Concepto	Importe
1.-Serv.profesionais e outros	**35.228,59**
2.-Reparación y conservación	**3.460,60**
3.-Servicios bancarios y similares	**118,46**
4.-Outros servicios A.R.D.	**37.228,80**
5-Convenio ATG	**86.569,20**
6.-Subvencion 21-22 GALP-Snizcion Itinerario	**7.919,99**
7.-Convenio Xunta de Galicia	**48.572,31**
8.-Outros tributos	**210,72**
9.-Intereses de débedas, entidades de crédito	**2.420,34**
Total Gastos	**221.729,01**

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo con independencia do momento en que se produce corrente monetaria ou financeira derivada.

Non obstante, a Asociación unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse tan pronto son coñecidos.

Durante o exercicio 2022 e o 2021 non se orixinaron "Gastos por axudas e outros", nin se produciron vendas de bens ou prestación de servizos producidos por permuta de bens non monetarios e servizos.

Non houbo durante o exercicio gastos de persoal ao igual que no exercicio 2021.

No exercicio 2022 a partida de "Outros Resultados" da conta de resultados foi de 0,00 euros, ao igual que no exercicio 2021.

RESULTADO EXERCICIO 2022:

A Asociación non realiza actividades empresariais, e os excedentes obtidos nas realizacións de actividades propias aplícanse a fins sociais.

No exercicio 2022 o resultado do exercicio foi de -27.754,82 euros, mentres que no exercicio 2021 o importe era de 20.152,37 euros que, xunto co resultado de exercicios anteriores, suman un total de 28.210,62 €.

C.- CRITERIO DE IMPUTACIÓN DOS GASTOS XERAIS.

Non procede a imputación de gastos xerais por non existir rendas non exentas. Son tódolos gastos afectos á actividade propia da Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros Noia.

3.- INGRESOS E GASTOS POR PROXECTOS DOS FINS ASOCIACIONAIS

As actividades realizadas pola Asociación foron as seguintes:

ACTIVIDADE 1: DINAMIZACIÓN DO XEODESTINO

a) Identificación

Denominación da actividade	Xestión Xeodestino Ría de Muros Noia 2022 (Convenio ATG-Xunta de Galicia)
Tipo de Actividade	Promoción turística
Identificación da actividade por sectores	Turismo: creación e promoción de produtos e do destino.
Lugar de desenvolvemento da actividade	Concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

ACTIVIDADE 2: DINAMIZACIÓN TURÍSTCA 2022 (SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN)

a) Identificación

Denominación da actividade	Dinamización turística 2022 (Subvención da Deputación da Coruña)
Tipo de Actividade	Promoción turística
Identificación da actividade por sectores	Turismo: creación e promoción de produtos e do destino.
Lugar de desenvolvemento da actividade	Concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

ACTIVIDADE 3: SINALIZACION DO PATRIMONIO XACOBEO (SUBVENCIÓN GALP)

a) Identificación

Denominación da actividade	Proxecto sinalización do patrimonio xacobeo (Subvención do GALP 4 Costa Sostible)
Tipo de Actividade	Promoción do turística
Identificación da actividade por sectores	Turismo: sinalización Camiño de Santiago da Ría de Muros Noia.
Lugar de desenvolvemento da actividade	Concellos de Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

4.- INGRESOS SEGUNDO O ART. 3.2º DA LEI 49/2002

Tal e como establece o artigo 3.2º da Lei 49/2002, destinaranse á realización dos fins asociacionais a lo menos o 70% das seguintes rendas:

- Explotacións Económicas.
- As rendas derivadas da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade.
- Os ingresos obtidos por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a obtención da tales ingresos.

A entidade destinará o 100% das súas rendas a fins asociacionais.

5.- RETRIBUCIÓNS A MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA

Non hai retribucións ós membros da Xunta Directiva.

6.- PARTICIPACIÓN EN ENTIDADES MERCANTÍS

A Asociación non ten participación en sociedades mercantís.

7.- CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL

Descrición	Ingresos	Gastos
Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Rural de desenvolvemento da ría de Muros-Noia para a reactivación do turismo no Xeodestino Muros-Noia	40.000,00€	48.572,31€

8.- ACTIVIDADES PRINCIPAIS DE MECENADO QUE REALIZA A ASOCIACIÓN (art.5 dos estatutos da entidade)

A asociación constitúese coa finalidade principal de acometer, con carácter xeral, a planificación, xestión o desenrolo de todas as accións que se consideran encamiñadas á mellora das activades relacionadas co turismo dentro do seu ámbito de actuación como ferramentas para mellorar o nivel de desenrolo socioeconómico dos seus habitantes.

Son fins principais da asociación:

a) Promover o desenrolo, a modernización e a adaptación ao mercado e ás innovacións tecnolóxicas das empresas e servizos turísticos da zona.
b) Fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona.
c) Fomentar e capacitar os recursos humanos dispoñibles e interesados no sector turístico da zona.
d) Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sostibilidade.
e) Alentar o asociacionismo entre os distinto sectores sociais implicados no desenrolo da zona.
f) Servir de núcleo de integración e representacións dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais, económicos..., tanto públicos como privados, interesados en promover o turismo e o desenvolvemento do territorio.
g) Sensibilizar as Administracións Locais, Autonómica, Estatal, así como as territorio, ao obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
h) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao eido do desenvolvemento local e rexional, tanto a nivel nacional coma internacional, cantándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas relacionadas co turismo.
i) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais e culturais da zona.

9.- PREVISIÓN ESTATUTARIA DO PATRIMONIO DA ASOCIACIÓN NO CASO DE DISOLUCIÓN

O Capitulo VI dos estatutos, nos seus artigos do 36 ata o 39, establece o seguinte:

Art. 36. Os estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Art. 37. A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Art. 38. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultantes.

Art.39. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

Fdo. Membros da Xunta Directiva

Nome e Apelidos	Cargo	Sinatura
MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS	PRESIDENTA	
MARÍA LAGO LESTÓN	VICEPRESIDENTA	
MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SECRETARIO	78793193T MANUEL GONZÁLEZ (R: P1506300A) Firmado digitalmente por 78793193T MANUEL GONZÁLEZ (R: P1506300A) Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0145/PUESTO 1/19325/3107202311521 6, serialNumber=IDCES-78793193T, givenName=MANUEL, sn=GONZÁLEZ LÓPEZ, cn=78793193T MANUEL GONZÁLEZ (R: P1506300A), 2.5.4.97=VATES-P1506300A, o=CONCELLO DE OUTES, c=ES Fecha: 2024.09.12 10:15:46 +02'00'
LUIS OUJO POUSO	TESOURERO	
JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	VOGAL	